



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.
SUBDIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS.

D. Diego Pérez Castro, con DNI _____, en representación do **STEG-Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza**, e domicilio a efectos de notificación en r. Pitelos, 25, baixo, local 32, 15702, Santiago de Compostela,

EXPÓN

1) Que vista a regulación que resulta de aplicación para a determinación da ratio de alumnas/os por unidade escolar, podemos concluír que a mesma vén determinada polo disposto no ~~artigo 157 LEC~~, cando sinala que o número máximo de alumnos por aula na ensinanza obrigatoria será de 25 para a educación primaria e de 30 para a educación secundaria obrigatoria; concretándose o seu desenvolvemento polo disposto no **Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro**, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, educación primaria e educación secundaria, segundo o cal os centros que impartan cursos de segundo ciclo de infantil e de educación primaria terán **como máximo 25 alumnos por unidade escolar, os centros de educación secundaria terán como máximo 30 alumnos por unidade e 35 alumnos/as en bacharelato**.

2) Que a **ORDE do 12 de marzo de 2013 da Consellería de Educación** pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación, ratifica que como **número de alumnos e alumnas máximo por unidade en infantil e primaria será de 25, en secundaria 30, e ben respecto do bacharelato sepárase da norma xeral e reduce o número de 35 a 33 alumnos/as por unidade**.

3) Que o **RD 132/2010** ten o seu desenvolvemento na **Resolución 30 de xuño de 2010 da Dirección Xeral de Centros** pola que se ditan instrucións sobre a aplicación do **RD**

132/2010 cuxa Disposición Derogatoria Única ven a derogar cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no citado Real Decreto, de onde en primeiro lugar resultan derogadas as Ordes do 17 de agosto de 1992 (DOG 26/08/92), modificada pola Orde de 11 de maio de 1993 (DOG 6/06/93) e Orde do 3 de agosto de 1994 (DOG 18/008/94), pola que se regulaba a implantación da educación primaria, sinalando ao efecto que “Os centros docentes ós que se refire a presente orde axustaranse ás ratios que se establecen no anexo II da Orde do 6 de maio de 1992 e nos períodos indicados nel, sen perxuízo da diminución de ratio derivada da escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais nos centros acollidos ao plan de integración ou do incremento de ratios derivado da permanencia dalgúns alumnos durante un ano nun determinado ciclo, por non ter acadado os obxectivos previstos”. Así como queda derogada a Orde do 19 de xuño de 1996 (DOG 11/07/96) pola que se regula a implantación da educación secundaria obrigatoria, modificada pola orde do 31 de maio de 2001 (DOG 27/06/01), cando sinala que “A ratio máxima desta etapa axustarase os períodos establecidos no anexo II da Orde do 6 de maio de 1992 e será de 30 alumnos, agás no suposto de incremento de ratios derivado da permanencia dalgúns alumnos durante un ano máis nun determinado ciclo ou curso, por non ter acadado os obxectivos previstos.”

4) Que a única norma vixente que ven a modular as ratios establecidas na LOE e RD132/201, son as **disposición previstas ao efecto no Art 87 da propia Lei Orgánica 2/2006 de Educación**, cuxo apartado segundo recolle a posibilidade de diminuír as ratios para garantir o dereito a educación do alumnado con necesidades educativas específicas ou *autorizar un incremento máximo dun 10% do número máximo de alumnos/as or aula para “atender necesidades inmediatas de escolarización del alumnado de incorporación tardía, bien por necesidades que vengan motivadas por traslado de la unidad familiar en período de escolarización extraordinaria, debido a la movilidad forzosa de cualquiera de los padres, madres o tutores legales, o debido al inicio de una medida de acogimiento familiar en el alumno o la alumna.”*

5) Que non hai na actualidade ningunha previsión legal que ampare modificacións das ratios establecidas na LOE e no RD 132/2010, con excepción das previstas nas propias normas sinaladas(véxase art 87LOE) e que contemplan **únicamente a superación da ratio por cuestións de “excepcionalidade”** vencelladas con situacións sobrevidas e urxentes que afecten ao dereito de escolarización dos menores.

6) Que existe unha *Sentenza da Sala 3º Secc 4º do Tribunal Supremo, de data TS 30 marzo 2012, segundo a cal "No es posible el aumento judicial de la ratio para Educación Primaria en los centros escolares sostenidos con fondos públicos por encima del límite fijado por el artículo 157.1 a) de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, con fundamento en el derecho a la libre elección de centro escolar ni en el derecho de los padres a que los hijos reciban la educación moral y religiosa que esté acorde a sus propias convicciones".*

7) Que tampouco parece existir *asento normativo* que xustifique a práctica xeralizada de non contabilizar o alumnado repetidor a efecto de ratio.

8) Que, segundo puido saber o STEG, non se está a contabilizar o alumnado que repite á hora de contabilizar as ratios, co perxuízo que supón á hora de dar unha atención individualizada e de calidade a todo o alumnado

Polo anteriormente exposto

SOLICITA

1) **Que se cumplan as ratios de alumnado establecidas segundo a lexislación vixente** (25 alumnas/os en educación infantil e primaria, 30 en educación secundaria obrigatoria e 33 en Bacharelato

2) Que, do mesmo xeito, **o alumnado repetidor se contabilice para as ratios de igual modo que o resto do alumnado**

3) Que esta decisión teña **efecto inmediato**, a fin de que sexa de aplicación no curso 17/18 ao respecto do **número de unidades nos centros escolares**, e a efectos de **cómputo de vacantes para o CADP do mesmo**

E, para que así conste, asina

En Santiago de Compostela, a 5 de xuño do 2017


steg.gal

Secretario de Organización do STEG

Membro do SN do STEG